

DESFILE E CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES BASES

Con motivo da festa do Antroido 2015 o Concello de Santiago convoca un concurso de disfraces para nenos e nenas de ata 14 anos en función das seguintes

BASES:

1.- O DESFILE terá lugar o domingo, día 15 de febreiro a partir das 17.00 h. na Sala Capitol.

2.- Establecense as seguintes categorías:

- Individual
- Parella
- Grupo a partir de 3 persoas

3.- A inscrición será gratuita e realizarase na mesma sala, segundo vaian chegando os participantes e ata cubrir o aforo.

4.- Os membros do xurado serán nomeados pola Concellaría de Festas

5.- Os participantes desfilarán na orde establecida pola organización pola pasarela para que o xurado poda puntuar o disfraz

6.- Os disfraces puntuaranse pola beleza, orixinalidade, traballo e creatividade así coma a posta en escea.

7.- Os premios que se outorgarán son os seguintes:

Grupo (mínimo 3 persoas):

1º.- 200 euros

2º.- 150 euros

3º.- 100 euros

Parella:

1º.- Dúas tablets

2º.- Dous libros electrónicos

3º.- Dúas cámaras dixitais

Individual:

1º.- Unha tablet

2º.- Un libro electrónico

3º.- Unha cámara dixital

4º e 5º.- Un equipo de música

8.- Os premiados daranse a coñecer unha vez rematado o desfile. Para recoller os premios os menores de idade deberán estar representados por un adulto.

9.- O xurado e a organización resérvanse o dereito de declarar como “deserta” algunha das categorías ou de establecer un único premio se non se acada un mínimo de 6 participantes en cada unha delas.

10.- O Concello resérvase o dereito a fotografar aos participantes, así coma a utilizar estas fotografías para a promoción do mesmo.

11.- A participación no desfile supón a total aceptación das presentes Bases. Para o non establecido nas bases estará a decisión da organización.

Para máis información poden dirixirse ó Servizo de Festas, tprincipal@santiagodecompostela.org ou ben no teléfono 981 54 23 47.